

Educativo
Socio cultural
Garaje aparcamiento: Categoría 1^a
Agrícola: Categoría 1^a

Ordenanza nº 2 Sistema General de Espacios Libres

Definición

Espacios libres de uso y dominio público. Son espacios destinados a parques públicos y zonas verdes para el descanso y esparcimiento de la población de todo el municipio.

Ámbito de aplicación

Zona Z-2.

Condiciones de utilización y uso

El uso principal será siempre el de zona verde.

- Podrán instalarse quioscos de música, teatros al aire libre, pistas de baile o de patinaje hasta una superficie máxima de 2.000m².
- También se podrán instalar pequeños puestos de artículos para los niños, periódicos, flores y semejantes, así como pequeños alpendres para los útiles de jardinería, limpieza, invernaderos, centros de transformación, estaciones de bombeo, servicios de aseos, con un máximo para cada uso individual o integrado de 50m².
- Igualmente, en los parques urbanos se podrán localizar todo el mobiliario consustancial a estos espacios.

Condiciones de volumen

- a) La ocupación por la edificación en ningún caso podrá superar el 5% de la superficie de cada una de las zonas.
- b) La altura máxima será de 4,50 metros.
- c) Los cerramientos tendrán una altura máxima de 0,50 metros, pudiéndose rebasar esta altura con plantas, setos, y otras protecciones diáfanas estéticamente admisibles

2.6.3 Ordenanza nº 3 Viales y aparcamientos

Ámbito de aplicación

Zona Z-3.

Definición

Las vías generadas en el P.E.R.I. se clasifican dentro de las Vías tipo II y Tipo III, del P.G.O.M. Vías Tipo II Viario de coexistencia. Es aquel en el que se autoriza la circulación de diferentes medios de transporte, con la preferencia de la menor velocidad, correspondiente a calles urbanas. Vías tipo

III. Viario de uso exclusivo de peatones, referente a calles y paseos urbanos.

Condiciones

Se ajustará a lo definido en el P.G.O.M. para este tipo de vías.

A Illa de Arousa, a 10 de maio de 2006.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez. 2006004781

* * *

MARÍN

E D I C T O

Durante o prazo de dez días pódense presentar reclamacións en relación co expediente tramitado a instancia de María Dolores Álvarez Pérez, na que interesa legalización de obras e instalación e funcionamento de café-bar en rúa Alcalde Antonio Blanco.

Marín, a 22 de maio de 2006.—O Alcalde, Francisco A. Santiago Fernández. 2006005169

E D I C T O

Transcurrido o prazo de exposición ao público e ao non ter presentado ningunha reclamación considerase aprobado definitivamente a modificación do Regulamento da Piscina Cubierta de Marín, de acordo co art. 49 da Lei de Base de Régime Local conforme o establecido no art. 70.2 do citado texto legal false público o texto íntegro do mesmo

REGULAMENTO PISCINA CUBERTA DE MARÍN

1.—SERVICIOS OS ABONADOS

Os que se establezan no prego unificado de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas para a contratación da xestión por concesión administrativa do servicio público dunha piscina cuberta e os resultantes da adjudicación de dita concesión; todo elo segundo a documentación administrativa que conste no expediente de contratación.

Aboados: Coa condición de aboado, pódese ter acceso a piscina cimitizada, sala fitness (con apoio do monitor de sala e prescripción de táboas personalizadas de exercicio), todos os espacios de uso libre, sen ningunha restricción de tempo nm espacio. Tendo ademais a posibilidade de ser “Cursillista” cun desconto do 25% no prezo da cada curso.

2.—REQUISITOS PARA ADQUIRIR A CONDICIÓN DE ABONADOS

2.1. Para adquirir a condición de Abonado na piscina cuberta de Marín é necesario:

- a) Cubrir o boletín de inscripción e o impresos de domiciliación bancaria correctamente.
- b) Fotocopia do DNI do titular. No caso de abono familiar, tamén, presentar a fotocopia do DNI de tódolos beneficiarios do abono.
- c) Fotocopia do Libro de Familia (no caso de abono familiar). No caso de ser parella de feito acreditación documental para ter opción a un abono familiar.
- d) Fotocopia da primeira folla da libreta ou recibo bancario, onde quede rexistrado documentalmente a veracidad do número de conta, así coma o titular onde o usuario val domiciliar o pago do abono.
- e) Abono do importe correspondente a primeira mensualidade en efectivo no momento de formalizar a inscripción, así como a cuota de entrada ou tarifa vixente no momento.

2.2. Aquelas persoas que houbesen ostentado a condición de abonados, causando baixa, e desexen novainente formalizar a súa inscripción de abonados, deberán estar ó corriente do pago das súas cuotas mensuais para poder formalizar a nova inscripción.

Cursillista: Teñen esta condición aquellas persoas inscritas nalgún curso, sexa de sala ou piscina, que desexen participar nalgunha actividade con monitor. Unicamente poden facer uso das instalacións, durante o tempo que dura a clase. Requisitos para adquirir a condición de cursillista

- Cubrir tódolos datos da folia de inscripción.
- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do número de conta bancaria, onde aparezan os nomes dos titulares da conta (e DNI do titular, en caso de non se corresponder coa persoa que se vai inscribir).

Duración dos cursíños son de carácter mensual, renovables ata que o deseche o usuario, cumplindo cos prazos de notificación de baixa (ver apartado correspondente). A última semana de cada mes, ofertaranse as novas prazas do mes seguinte (consultar en recepción as datas exactas). Cada clase ten unha duración de 45 minutos.

ENTRADAS LIBRES: Entradas puntuais na instalación, aboando o custo da mesma no momento do acceso á instalación. Os beneficiarios das entradas libres poden usar tódalas zonas de uso libre (piscina e sala fitness, nesta última sen o apoio personalizado do monitor da sala) con restricción de uso en función da ocupación.

- Requisitos para adquirir unha entrada libre

- Por motivos de seguridade, poderá pedirse aos usuarios que presenten o seu DNI, ou claquera outra documentación acreditativa de idade, ó mercar unha entrada. O persoal da instalación poderá denegar o acceso á mesma se o usuario se negase a arnosar a devandita documentación.
- Cumprir coas normas que, en función da idade, ten cada espacio deportivo da instalación.

3.—CUOTA DE ENTRADA E CUOTA MENSUAL

3.1. O formalizarse a inscripción como abonado faráse efectiva a cantidade correspondente á cuota de entrada. A duración desta cuota, de carácter irrecuperable, será dende a data de formalización da inscripción ata a data na que o abonado cause baixa. O custe da cuota de entrada o matrícula será do mesmo importe co abono contratado.

3.2. O pago das cuotas mensuais fixadas teráse que facer sempre por anticipado, ben en efectivo ou a través de recibo domiciliado na conta de Caixa de Aforros ou Banco eiexido polo abonado. Os recibos poñeranse ó cobro a partires do día 20 de cada mes anticipado.

3.3. DEVOLUCIÓNS BANCARIAS DO RECIBO: En caso do recibo da mensualidade ser devoito polo banco, o usuario terá un prazo de 2 días, a partir da data do aviso por parte da dirección da instalación, para realizar o pagamento en efectivo do recibo na recepción da instalación + a comisión de devolución do banco (0,60 euros por recibo).

No caso de non cumplir o prazo establecido, o usuario perderá a praza (cursillista) e os dereitos de aboado (incluíndo o pagamento de matrícula: en caso dunha nova inscripción o aboado deberá volver realizar o pagamento da taxa de matriculación).

A Dirección das instalacións resérvase o dereito de anular a condición de aboado dun titular, se os recibos mensuais son devoltos pola entidade bancaria ao expedidor de maneira reiterada.

A devolución de tres recibos por non seren pagados, será motivo de baixa automática como aboado das instalacións.)

3.4. As cuotas actualizaranse cada ano, de acordo coas directrices da Dirección.

3.5. Co fin de axilixar os trámites administrativos, sempre que un abonado deseche realizar cambios nos seus datos persoais (Dirección, teléfono, ...) ou ben nos seus datos bancarios, deberá notificalo persoalmente ou por escrito nas oficinas de xestión da Piscina Cuberta de Marín.

3.6. Sempre que un abonado deseche causar baixa das instalacións deberá comunicalo persoalmente ou por escrito nas oficinas de xestión da Piscina Cuberta de Marín, indicando o motivo da súa baixa e adxuntando o carnet acreditativo de abo-

nado e sempre na primeira quincena do mes anterior ó que deseñe causar baixa.

SOLICITUDE DE BAIXA (ABOADOS E CURSILLISTAS): Para formalizar a baixa, debe notificarse por escrito na recepción da instalación, antes do día 20 do mes anterior. Todas aquelas baixas notificadas despois do día 20, non serán tidas en conta a efectos de devolucións dos importes correspondentes.

SOLICITUDE DE CAMBIO DE GRUPO (CURSILLISTAS) OU TIPO DE ABONO (ABOADOS): A solicitude deberá presentarse por escrito na recepción da instalación, preferentemente antes do día 20 do mes anterior. En caso de querer facelo con posterioridade á devandita data, e sempre que sexa posible o cambio, o usuario perdería a posibilidade da devolución correspondente en caso de existir.

3.7. A Dirección das instalacións resérvase o de-reito de fixar un depósito en efectivo ou anticipo de mensualidades para formalizar a condición de abonado mediante comunicación previa ós usuarios.

4.—ACCESO A INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES

4.1. Para acceder ás instalacións e asistir ás correspondentes actividades será imprescindible a presentación do carnet de abonado.

CARNÉ DE ABONADO: O carné é persoal e intransferible, e será imprescindible presentalo para acceder á instalación. Os abonados están obrigados a presentar o seu carné sempre que o requira o persoal da instalación. No caso de que se presenten dúbidas sobre a identidade do portador do carné, e a requeremento do persoal da instalación, este deberá identificarse con documento acreditativo (DNI, pasaporte ou similar). En caso de perda, o novo carné terá un custo de 3 euros. O uso incorrecto do carné pode implicar a súa retirada e a perda de condición de aboado.

PULSEIRAS IDENTIFICATIVAS: Segundo o color das mesmas, os usuarios poderán facer uso dunha parte u outra da instalación. A pulseira se entregará en recepción, a cambio do carné de usuario. O usuario é responsable da súa pulseira, dende que a recibe, ata que a cambia polo seu carné ao sair da instalación. A perda da mesma terá un custo de 2 euros.

Os abonados están obrigados a presentar o seu carnet sempre que o requira o persoal da instalación.

4.2. O carné é persoal e intransferible, só se pode utilizar polo seu titular.

4.3. No caso de que se presenten dúbidas sobre a identidade do portador do carnet, e a requeremento do persoal da instalación, éste deberá identificarse con documento acreditativo (DNI, pasaporte ou similar).

4.4. No caso de extravío do carnet de abonado, deberáse comunicar inmediatamente nas oficinas de xestión das instalacións onde se emitirá un duplicado, previo pago de 3,01 euros e da entrega dunha fotografía tamaño carnet. A perda ou extravío reiterado do carnet de abonado, poderá dar lugar á perda da condición de tal.

4.5. Os acompañantes teñen prohibida a entrada ós vestiarios e zonas de praia da piscina.

5.—NORMAS DE FUNCIONAMENTO.

A) DA PISCINA:

- Obrigatorio o uso de gorro, traxe de baño e chanclas (estas últimas, que non foran empregadas na rúa) para poder bañarse nas piscinas e se recomenda o uso de gafas protectoras.
- Para acceder ás zonas de praia da piscina se deberán usar zapatillas adecuadas.
- Obrigatorio ducharse antes de acceder á piscina.
- E recomendable non usar aceites nm cremas, no caso de facelo deberánse eliminar antes de entrar á piscina.
- Os abonados deberán respetar os espacios reservados para eles, cando se impartan cursos na piscina.
- Non está permitido ningún tipo de material inflable, nm doutro tipo, de uso individual. Unicamente está permitido material como manguitos, pulls e táboas pequenas de flotación, quedando ao criterio do SOS a conveniencia en cada momento. Outros materiais más específicos, coma son o caso de palas, aletas, maniques de remolque, etc. Tan só estarán permitidos en determinadas horas do día, onde a afluencia de usuarios non sexa elevada, e permita habilitar unha rúa exclusiva de “adestramento”.
- Na piscina non está permitido ningún tipo de xogos ou actividades que comporten saltar, empuxar, etc. O socorrista poderá obrigar a abandonar a piscina a todas aquellas persoas que non respeten esta norma. Está totalmente prohibido saltar ou lanzarse á auga ben sexa de cabeza ben doutra maneira. Tamén está prohibido permanecer na zona de praia con claquera roupa que non sexa o traxe de baño.
- Os abonados menores de 12 anos que non sepan nadar deberán facer uso da piscina acompañados dos seus pais ou tutores. Por motivos de seguridade, os menores de 12 anos deberán estar permanentemente acompañados por un adulto no interior da piscina.

- Nadar sempre polo lado dereito de cada rúa, sen traspasar os límites dos carris usados polos demais nadadores.
- Respetar as indicacións de cada rúa (nado rápido, lento, relax, adestramento, etc.)
- O aforo máximo do vaso de 25x 12,5 m será de 90 usuarios.
- O socorrista é o responsable da piscina, polo que se deberán respetar sempre as súas decisiones, xa que o seu obxectivo é o de velar pola seguridade dos usuarios. O socorrista ten a potestade de obrigar a abandonar a piscina a todas aquelas persoas que non respeten as normas básicas de seguridade.

B) DAS SALAS DE MUSCULACIÓN DE AEROBIC E MANTEMENTO:

(Sala Fitness). En caso de que a resultas da concesión se dispoña deste servicio as normas serán as seguintes:

- Non está permitida a entrada e utilización do material a persoas menores de 16 anos. Os menores de 14 anos non poden utilizar a sala fitness por motivos de saúde. Entre os 14 e 16 anos, poderán sempre e cando veñan en horario no que está presente o monitor da sala.
- Toda persoa que utilice o material de musculación por primeira vez deberá ponerse en contacto co monitor da sala para realizar previamente a ficha de seguemento.
- É obligatorio levar toalla para realizar exercicios sobre as máquinas.
- Os aparatos deben utilizarse correctamente (en caso de dúbida dirixirse sempre ao personal da instalación).
- Os usuarios con rutinas de traballo deberán depositalas no arquivo da instalación despois do seu uso, pois son propiedade da mesma.
- Deberá respetarse a lista de espera nos aparatos no que esta exista.
- Non está permitido deixar mochilas ou prendas persoais na sala. Estes artigos deberán gardarse nas taquillas.
- O aforo da Sala Fitness estará determinado polo número de aparatos e as rotacións que se programen polo monitor ou encargado.
- É necesario comunicar ao monitor de apoio se o usuario padece, ou padeceu, algunha enfermidade de carácter cardiovascular ou derivada, nos últimos 10 anos.
- O calzado que se use para a actividade non será o mesmo que o utilizado para a rúa, por razóns obvias de sanidade e limpeza.
- É recomendable o uso das duchas despois do exercicio.

C) NORMAS XERAIS:

- Respetar os horarios e espacios destinados ás diferentes actividades.
- O material didáctico emprestado aos usuarios de baño libre, debe ser colocado no sitio indicado despois do seu uso.
- Está totalmente prohibido fumar en toda a instalación, segundo o Real Decreto 192/1988 art. 7.
- É obligatorio seguir as indicacións do persoal da instalación en todo momento.
- O uso antihixiénico ou incorrecto da instalación pode ser motivo de expulsión e de perda da condición de aboados.
- A empresa concesionaria dispón dun seguro que cubre a responsabilidade civil derivada da súa actividade. Tamén se facilita ao usuario a subscrpción voluntaria dun seguro de accidentes con cobertura de asistencia sanitaria.
- Calquera variación que afecta á actividade maioritaria dos usuarios (celebración de competicións deportivas, modificación de horarios, etc.) notificárase mediante carteis informativos na instalación (taboleiro de anuncios á entrada/ saída da instalación).
- Os acompañantes teñen prohibida a entrada ao piso inferior, só poderán acceder aos “vestuarios de grupos”, únicamente en caso de ser necesario para cambiar aos nenos menores de 6 anos.

D) DUCHAS:

- Non se pode introducir obxectos de vidro.
- Por consideración cos demais usuarios, deben manipularse con coidado e só durante o tempo necesario.
- Está prohibido afeitarse.
- Está prohibido lavar roupa ou calzado.

E) TAQUILLAS

- Funcionan cunha moeda de 1 euro.
- Deberán deixarse libres unha vez finalizada a actividade.
- As taquillas revisaranse ao finalizar o día. Se atopamos algún obxecto, este será gardado na sección de obxectos perdidos.
- A perda da chave suporá o pago de 2 euros por parte do usuario.

F) DA SAUNA

En caso de que a resultas da concesión se dispoña deste servicio as normas serán as seguintes:

- Non poderán facer uso da sauna aquelas persoas que padezan problemas de hipertensión ou cardiopatías graves.
- Será imprescindible ducharse antes de facer uso da sauna.

- E recomendable seguir os consellos expostos na entrada da sauna.
- Non está permitida a entrada a menores de 17 anos.

Marín, 19 de abril de 2006.—O Alcalde, Francisco A. Santiago Fernández.

2006004012

A N U N C I O

Por non resultar posible practicar a notificación persoal ós interesados no lugar indicado como domicilio, por medio do presente anuncio e conforme ó disposto no artigo 59.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, notifícanse o seguintes interesados, como veciños colindantes, en relación cos expedientes que se citan indicándolles que no prazo de dez días hábiles poderán formular as reclamacións ou observacións que consideren oportunas, tendo de manifesto o expediente na Secretaría do Concello durante as horas de oficina.

- Nujor, S.L., domicilio social no Porto Pesqueiro de Marín, en relación coa licencia de obras e instalación de funcionamento de nave para almacén e transformación de peixe no Porto Pesqueiro; a instancia de Pesqueira Catrúa, S.A. Expte. 24/06/MOL.
- Ariele Pescados y Mariscos, domicilio social no Porto Pesqueiro de Marín, en relación coa licencia de obras e instalación de funcionamento de nave para almacén e transformación de peixe no Porto Pesqueiro; a instancia de Pescados Miguel Navarro, S.L. Expte. 25/06/MOL.
- Francisco Loira Suárez, domicilio en Jaime Janer, nº 56 - 2º I, en relación coa licencia de obras e instalación de funcionamiento de comercio para venda menor de productos de xardinería en Jaime Janer, nº 56 - baixo; a instancia de Beatriz García Ruibal. Expediente 16/06/MOL.

Marín, 23 de maio de 2006.—O Alcalde-Presidente, Fco. Antonio Santiago Fernández. **2006005218**

* * *

MEAÑO

A N U N C I O

Solicitada desta Alcaldía por dona Guadalupe Padín Martínez licencia municipal para a apertura de establecemento de adega para elaboración de viño de mesa en Aldea de Abaixo, nº 9, parroquia de Cobas, en cumprimento do disposto no artigo

30.2a) do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por prazo de dez días hábiles, a partir da publicación deste anuncio no BOP, para os efectos de exame e reclamacións

Meaño, 15 de maio de 2006.—O Alcalde, Jorge Domínguez Rosal. **2006005167**

* * *

M E I S

CONTRATACIÓN CONCURSO: XESTIÓN SERVIZO ESCOLA INFANTIL 0-3 MUNICIPAL

Aprobado polo Pleno municipal en sesión do 29 de maio de 2006, o Prego de Cláusulas administrativas particulares e de Prescripcións técnicas que rexerá a contratación do concurso, mediante concepción administrativa, da xestión do servizo público de escola infantil 0-3 municipal:

Quedan expostos ó público durante oito hábiles, contados dende ó seguinte á publicación do último anuncio no BOP ou no DOG, ó obxecto de presentación de reclamacións.

Simultaneamente anúnciase concurso público, procedemento aberto e tramitación ordinaria, se ben a licitación aprazarase no caso de presentarse reclamacións ó Prego de cláusulas administrativas.

Garantías

Provisional: 600 €. Definitiva 1.200 €.

Duración: Catro anos e posibilidade de dúas prórrogas.

O *Modelo de proposición*, Pregos de cláusulas administrativas e demais documentación están a disposición dos interesados nas oficinas municipais tódolos días hábiles de 9 a 14 horas.

Presentación de proposicións: Nas oficinas deste Concello de 9 a 14 horas, no prazo de quince días naturais a partir do seguinte á publicación do último anuncio no BOP ou no DOG.

Criterios de adxudicación: Experiencia, valoración proxecto educativo, valoración persoal, fiabilidade do estudio económico.

Apertura de proposicións: O sobre “B” abrirase no Salón de Sesións do Concello, ás trece horas do quinto día hábil seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de propostas.

Meis, 30 de maio de 2006.—O Alcalde, José Luis Pérez Estévez. **2006005403**

* * *